

A LETRA PEQUENA DA CONCENTRACIÓN DO 29

Antes de nada, simplemente recalcamos o noso respecto absoluto ás decisións individuais á hora de acudir ou non á concentración do día 29, máis aínda, cando nalgúns centros, esas decisións non poden ser tomadas con total liberdade por todas as persoas traballadoras.

Neste contexto UGT, CCOO e CIG consideramos que é xusto ter o máximo de información dispoñible e **coñecer a letra pequena.**

Coa concentración do 29 de xuño pretenden amosar á administración dúas cousas:

- ✓ Solicitar que a administración sente a negociar.
- ✓ A forza da patronal e réditos electorais para FSIE.

UGT, CCOO e CIG, co seu peche na Consellería xa conseguiron o pasado xoves 23 de xuño unha entrevista co director xeral e para a semana seguinte unha reunión co conselleiro.

Logo se manteñen a convocatoria: “por algo será...”


De ser convocados no seu momento, negociando a convocatoria e os documentos anteriores, UGT, CCOO e CIG estarían nas mobilizacións, pero a patronal e FSIE deixaron deliberadamente aos sindicatos de clase fóra da convocatoria por non asinar a proposta da patronal (á que FSIE non ten nada que obxectar)

A condición irrenunciable dos 3 sindicatos excluídos, e que resultou inaceptable para a patronal, era a seguinte: **cando nun centro concertado se producira unha vacante, tería a obriga de acudir a unha bolsa na que estarían persoas traballadoras de centros en crise** (que xa demostraron a súa valía e experiencia), e que se quedaron sen traballo por un peche de unidades; e co condicionante de que deben renunciar á súa indemnización para poder acceder á devandita bolsa, feito do que se beneficia a patronal.

O último acordo de mantemento de emprego asinado en Galicia foi en 2006, e sendo certo que serviu para a recolocación de moitos docentes tamén é certo que se deu nunha realidade social, en relación coa natalidade, totalmente diferente á actual.

En primeiro lugar, aínda que se pecharon centros e aulas con motivo da entrada en vigor da LOGSE, tamén é certo que en moitos colexios galegos abríronse aulas, xa que pasaron de ter as 8 unidades por liña da antiga EXB ás 10 por liña da LOGSE (6 en primaria e 4 na ESO).

Ademais do aumento de aulas en centros polo cambio de lei, no 2006 a natalidade en Galicia estaba en tendencia ascendente como mostra a seguinte gráfica con datos oficiais do Instituto Galego de Estatística, tendencia que se mantivo durante a vixencia do acordo e que alcanzou o seu máximo no ano 2008. Na actualidade estamos nunha clarísima tendencia descendente, e cos datos do 2021, no que o número de nacementos é duns 8.700 nados menos que no 2008 (un 37% menos) pretender que funcione o mesmo acordo e, como pouco, atoparse fora da realidade (o ensino concertado representa, máis ou menos, ó 30% do ensino).



A intención de esixir á patronal que acuda á lista é, simplemente, a de garantir a posibilidade de contratación dos traballadores e das traballadoras que se atopan na mesma, non a de limitar liberdades da patronal.

A defensa dos traballadores é a nosa única prioridade.

